

INFORMACIÓN SOBRE PROTOCOLO A SEGUIR EN CASO DE ENFERMIDADE, LESIÓN OU ACCIDENTE

Contratouse unha póliza de seguro de accidentes que cubrirá os gastos de lesións e/ou accidentes que se produzan durante a duración do campamento.

A cobertura do seguro é desde o inicio ata a data de finalización da quenda do participante. Fóra do devandito período o seguro non se fará cargo de custo algún.

No caso de que se produza unha enfermidade, lesión ou accidente, levarase ao participante ao centro de atención médica que se considere oportuno, en función da gravidade do mesmo.

Darase coñecemento inmediato aos pais, que tomarán a decisión que proceda, e informarase ao persoal responsable do campamento na Deputación da Coruña.

Se a enfermidade, lesión ou accidente impedisese ao participante continuar coas actividades do campamento, o participante será recollido polos seus pais, salvo naqueles casos en que debese permanecer ingresado nun centro hospitalario.

No caso dunha indisposición temporal é breve, e un informe médico avala a posibilidade de continuar coas actividades xerais do campamento, o participante continuará no campamento.

A Dirección do campamento realizará os trámites administrativos necesarios no centro hospitalario para a correcta cobertura na póliza de seguro de accidentes contratado.

Para máis información a Deputación da Coruña, pon a disposición dos participantes durante toda a duración do campamento 1 ATS durante as 24 horas do día.